


# Nova presa de Fenosa no Sil ameaza catro especies en perigo

A empresa Gas Natural-Unión Fenosa aproveita unha concesión de 1951 por 99 anos para tentar furar até cinco quilómetros á beira dos Canóns do Sil, nunha zona na que se pretende ampliar a Rede Natura.

Por Galicia Confidencial | Ourense | 07/11/2011



Gas Natural-Unión Fenosa pretende construír outra central reversíbel na Ribeira Sacra, a de "Edrada-Santo Estevo" de 763 MW, entre os encoros de Santo Estevo (Sil) e Edrada (Mao). A empresa ten unha concesión da explotación destas augas concedida polo franquismo en 1951 por 99 anos.

Se o proxecto vai adiante, unirase aos de Belesar III e Os Peares III, tamén de Fenosa, e Santo Estevo II e Santa Cristina, de Iberdrola, todos na bacía Miño-Sil, a máis sobreexplotada de Europa, con máis de 100 aproveitamentos hidroeléctricos. A práctica totalidade dos beneficios destas presas marcha fóra do país, pois estas empresas non tributan en Galicia.


Os ecoloxistas de ADEGA denuncian que "o proxecto requirirá de faraónicas obras para furar o canón do Sil cun túnel de 5Km, un pozo de 450m e unha central en caverna co volume dun barrio de vivendas de 10 pisos a 120 m de profundidade no macizo".

A zona na que están proxectadas as obras -concello de Parada de Sil- sitúase nunha área proposta para formar parte da Rede Natura 2000, de conservación da biodiversidade. Alén disto, na área localízanse tamén 24 especies que forman parte do Catálogo Galego de Especies Ameazadas, incluídas catro

consideradas en perigo de extinción: a aguia real (*Aquila chrysaetos*), que ten xusto nesta paraxe do canón do Sil un dos núcleos reprodutivos máis occidentais da Península, o milano negro (*Milvus milvus*), a cerceta (*Anas crecca*) e a agacha (*Gallinago gallinago*).

Gas Natural-Unión Fenosa argumenta que o proxecto ten como obxectivo "almacenar excedentes" de enerxía para liberalos en momentos de maior demanda. É dicir, bombear auga pola noite, aproveitando que entón a luz é máis barata, e soltala para producir electricidade polo día, cando hai máis demanda e é máis cara. Noutras palabras, trátase dun proceso de explotación cos quilovatios, pois a produción real de enerxía é moi limitada.

Estrutura típica da noticia




# Nova presa de Fenosa no Sil ameaza catro especies en perigo

TITULAR

A empresa Gas Natural-Unión Fenosa aproveita unha concesión de 1951 por 99 anos para tentar furar até cinco quilómetros á beira dos Canóns do Sil, nunha zona na que se pretende ampliar a Rede Natura.

ENTRADA  
ou lead

Por Galicia Confidencial | Ourense | 07/11/2011



quen

Gas Natural-Unión Fenosa pretende construír outra central reversíbel na Ribeira Sacra, a de "Edrada-Santo Estevo" de 763 MW, entre os encoros de Santo Estevo (Sil) e Edrada (Mao). A empresa ten unha concesión da explotación destas augas concedida polo franquismo en 1951 por 99 anos. **onde**

que

**Ampliación de 'onde' e 'que'**

Se o proxecto vai adiante, unirase aos de Belesar III e Os Peares III, tamén de Fenosa, e Santo Estevo II e Santa Cristina, de Iberdrola, todos na bacía Miño-Sil, a máis sobreexplotada de Europa, con máis de 100 aproveitamentos hidroeléctricos. A práctica totalidade dos beneficios destas presas marcha fóra do país, pois estas empresas non tributan en Galicia.

como

Os ecoloxistas de ADEGA denuncian que "o proxecto requirirá de faraónicas obras para furar o canón do Sil cun túnel de 5Km, un pozo de 450m e unha central en caverna co volume dun barrio de vivendas de 10 pisos a 120 m de profundidade no macizo".

**Ampliación de onde**

A zona na que están proxectadas as obras -concello de Parada de Sil- sitúase nunha área proposta para formar parte da Rede Natura 2000, de conservación da biodiversidade. Alén disto, na área localízanse tamén 24 especies que forman parte do Catálogo Galego de Especies Ameazadas, incluídas catro

consideradas en perigo de extinción: a aguiña real (*Aquila chrysaetos*), que ten xusto nesta paraxe do canón do Sil un dos núcleos reprodutivos máis occidentais da Península, o milano negro (*Milvus milvus*), a cerceta (*Anas crecca*) e a agacha (*Gallinago gallinago*).

por que

Gas Natural-Unión Fenosa argumenta que o proxecto ten como obxectivo "almacenar excedentes" de enerxía para libéralos en momentos de maior demanda. É dicir, bombear auga pola noite, aproveitando que entón a luz é máis barata, e soltala para producir electricidade polo día, cando hai máis demanda e é máis cara. Noutras palabras, trátase dun proceso de explotación cos quilovatios, pois a produción real de enerxía é moi limitada.

ORIXE  
CORPO  
(con imaxe  
informativa)